SERVIZO DE CARDIOLOXÍA



A misión do Servizo de Cardioloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela é contribuir a mellorar a saúde cardiovascular da poboación desta área sanitaria a través dunha atención óptima ós nosos doentes, unha investigación de máximo nivel en cardioloxía e unha excelente formación dos profesionais. O Servizo de Cardioloxía desenvolve nos últimos anos unha estratexia de mellora continua da calidade nas áreas asistenciais, docente e investigadora, apostando pola innovación sanitaria, a nivel tecnolóxico e de servizos. Un dos principais obxectivos do servizo é a mellora e implantación de novos servizos asistenciais, estructurados e controlados, que aseguran unha maior calidade e seguridade fronte ós modelos convencionais, prestando especial interés ás análises de sostenibilidade, escalabilidade e eficiencia no consumo de recursos. Outro dos obxectivos estratéxicos do servizo é mellorar a experiencia dos usuarios, para o que os proxectos de mellora incorporan a análise sistemática e estructurada da experiencia dos usuarios. No ano 2015 a actividade asistencial consolídase cos máis altos niveis de calidade na atención ás enfermidades cardiovasculares agudas, con indicadores de mortalidade e morbilidade que nos sitúan por encima dos estándares da atención cardiolóxica nacionais.

Relación de unidades funcionais:

- Dolor torácico
- Electrofisioloxía e arritmias
- Hemodinámica
- Insuficiencia cardiaca
- Imaxe cardíaca
- Rehabilitación cardiaca

Unidades especiais:

- Urxencias cardiolóxicas 24 horas
- Xestión integrada por procesos asistenciais
- Unidade de coidados coronarios agudos e intermedios
- Planta de hospitalización con telemetría
- Unidade de dor torácico
- E-consultas (on-line). Consulta acto único
- Unidade de enfermidades conxénitas do adulto e miocardiopatías
- Programa de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria
- Unidade de insuficiencia cardíaca
- Consulta de cardiotoxicidade

Investigadores/as
Persoal de xestión e servizos
Persoal licenciado sanitario
Persoal sanitario diplomado ou técnico

Limpar

Ordenar Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Carteira de servizos do Servizo de Cardioloxía

Descrición do Servizo de Cardioloxía

Docencia no Servizo de Cardioloxía

Documentos informativos para pacientes

Investigación no Servizo de Cardioloxía

Itinerario formativo da especialidade de Cardioloxía

Localización / Contacto do Servizo de Cardioloxía

Memoria de actividade 2017 do Servizo de Cardioloxía

Organigrama do Servizo de Cardioloxía

Premios e recoñecementos do Servizo de Cardioloxía

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Información sobre saúde, Enfermidades cardiocirculatorias